

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, integrante do **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa á falla de medios materiais do GES de Mugardos.

Os recortes matan de xeito indirecto e supoñen sempre unha prima de risco para a vida e seguridade da nosa cidadanía. Tal é a conclusión que tamén se pode derivar dun accidente de tráfico acaecido no concello de Ares e que foi atendido en primeira instancia polo GES radicado en Mugardos. Este accidente de tráfico cobrouse a vida dunha persoa, que quedou apresada sen que a falla de dotación do GES poidera excarcelala do amasillo de ferros. Houbo que agardar á intervención dos bombeiros públicos de Ferrol co conseguinte retraso dado o desprazamento efectuado.

Non dispor dun equipo de excarcelación nunha unidade que ten nos accidentes de tráfico a súa principal actividade (174 saídas este pasado 2014) non deixa de ser unha chocante imprudencia que podemos pagar calquera de nós.

Vicepresidencia da Xunta di que irá dotando de medios aos GES segundo levante o temporal da crise, pero a seguridade das persoas non pode esperar esas vacas gordas por vir; semella imperativo que se habiliten os medios económicos suficientes para que os grupos de emerxencias supramunicipais dispoñan dos materiais axeitados para cumprir coas tarefas que teñen encomendadas. AGE acredita en que en cuestión de emerxencias, de vida e morte, non se poden practicar os economicismos que obsesionan ao partido que sostén ao goberno galego.

No entanto a pregunta acerca da institución pública que ten que sufragar o equipo de excarcelación pasa a comisión de seguimento dos GES, a agrupación sita en Mugardos terá que seguir a facer o seu traballo sen un elemento necesario, cos conseguintes riscos engadidos para a cidadanía. Atopámonos diante dun exemplo práctico da violencia dos recortes.



Pregunta que delata o labirinto da descoordinación que preside a política da Xunta en materia de emerxencias, que prefire deixar ao xogo sucio do caciquismo o reparto duns recursos insuficientes en troques de dispor dunha dirección coordinada cuns equipos públicos homoxéneos na súa conformación e formación e dotados cos medios materiais e técnicos suficientes.

En atención ao sinalado, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- En que prazo temporal comprométese a Xunta a dotar do equipamento para excarcelar ao GES radicado en Mugar dos?

En Compostela, 14 de xaneiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 14/01/2015 12:16:16